

RAFA LEMA
POEMAS

O sol abre os seus brazos como un sol con ventosas
Como un polvo xigante que rompeu as sedelas
Porque o tranvía vermello atravesaba a cidade
Por paseos marítimos nas circunvalacións
Nas cuñas mantidas con cárceres prensados
Dentes longos a xeito de afiados lápices
Para cortar feixes de follas tenras
Dentes de coitelo co gume aserrado que tritura as follas
As cristas con canais de aire defendidas coirazas
Durísimas vértebras de lagarto trono .
A cidade tendida espida cos peitos en ofreza de goma
Risa de vagóns contra os cristais
Un tren de neve e borraxeiras penetrando avenidas
Coa súa proa rompendo as cristaleiras
Sobre o aceiro e os muros de contención dos que aman
As curvas de dunas de moldes de uralita
De tella do país presa de vermes
No óxido das espigas polos labregos sulcos da negra fame
Nos templos como barcos da balea con barbas de millo polas aras
Nas bancadas sen homes nos seus remos
Cruces de xofre virxes de lama santos de trementina
Que as fortes pernas das máquinas aplastan
Nas vías paralelas sen sarcoma sen valos
Escoplo e lixa de papel de seda na imperfecta memoria
No arrastre dos cantos no alcanfor sobre as armas
Nas enxivas na seiva na xiria dos pernos
E dos pícaros que xogan renovando a prata
En baños de leite agre que perderon as nais polas cadeas
Na revolta contra o peito espiñado do maquinista.
Cando na cova gardamos o tesouro
Da testa dun can enriba dunha lousa
Marcada con aspas e con cruces
Detendo as emanacións das cidades
O sulfuro o gas o brillo do cobre escurecido pola cotra
Os gramos de cristal de sosa e auga quente
O esmeril remata o traballo do petróleo.

Baixo a chuvia ácida que abrasou as cerdeiras
Dous que aman .
Volcan a copa de viño no papel e escriben cos dedos
Algunha letra un enigma
Formas dun sinólogo tatuadas nos seus corpos nus
Vella cerámica azul faisáns e margaridas
Pero é a penas un soño líquido
De mancha que desfai a verba
Pero é só un soño nada máis.
Dous
Escriben fantasías e agardan pola chave do castelo
Á busca do fresco pozo polo patio de armas.

A salvación dunha brisa que se funde
E forma ese nó entorno ó cinto
A forma ou a beleza un cravo entre as mans
Que non é a dor nin é a febre.
Unha lenta cadea de alento entre os pinares
Manchas do día dunha paleta soa
Que o vento deixou abandonando
A ilusión de pintor que a ela procura
En perdendo a memoria.
Nos arcos que ceden horizontes
Nos remos que se alongan como mans de remeiros
Buscando os verdes xiros.
Son ríos no canto daquel coro
Ollos que espertan primaveras
Abrindo o silencio de signos marcados sobre un mapa
En perdendo a memoria.
E os versos agardan pola luz despedida da súa cela
A que o sono dé fatiga ós pexegueiros
Se un espello da nome a un perfil con sede .
Se a recobro nacen os abriles
As flores e as cores do verde subindo as montañas
Ou marcas entre a area
Como estrelas de mar dun ebanista
En buxo con molduras de ébano
O sol con planchas de laranxeira e sicomoro
Trincando polos cans os cans da morte

Comuñón da auga lonxano precipicio
Máis alá do peito dun corazón
Dun navío de vento e de cadrantes .
Nace nos meus ollos herba do edén
Que me come o aire
Primaveras de níquel perecen nas mans .

A veces teño consolo pensando que a noite
Ten flores frescas e temibles nos seus dentes
Para encher unha canastra de tempo
Mentras verquen petróleo anxos de vidro
No resorte dos fechos do baratro .
Entón detéñome a tomar as pulsacións da noite
Latexos da gamuza da prata na vitrina
Estrelas con danzas húmidas de pasta lisa
E lembro esas rúas de sempre

Por onde camiñamos coa vista vendada por follas de aluminio
E xabrón de Marsella para a mancha escura
Sobre a mármore que non dorme .
A auga da destrución quere os seus ollos
Só a pátina verde
Porque nunca se detén na súa guía
Atravesando de cote os freixos do olvido
Retendo os nomes e o curso das vegadas .
E os días de ausencia porque a corrente abrasa
Os corazóns silandeiros co estrondo nocturno
Agullas de música recitando resóns .

Area teño baixo as botas area que agarda os pes espidos
Ollos de herba guirlandas de espadana
No aire que nos une e nos arredra.
Todos no bosque negro do delirio
Na invención dos camiños baixo sílice
Todos sabemos do amor do neno pola xaca
Pola loira ninfa que cubre os seus encantos
Mentras dá vinagre ós seus amantes
Ós que soben a costa na procura do grial
Xerusalem ben lonxe oliveiras sen vida
Con botellas de serpes folla de lata e chubo
Cascos e garras de esfinxes e sibilas
Na illa onde temos soidades .
Chuspindo lama e ante sobre os libros sagrados teño frío.
Só area. Praias desertas e tarde.
Só area que me come os ollos .

Acibeche líquido espaxado na noite con espolas de vento
Crávanse as raíces dun recordo de amargas victorias
Voces do faiado o ruído dos pozos
Nunha ausencia de lámpadas e foques .
O puñal dun xesto baldeiro de palabras.
Noutros ollos repousei un cansancio de noites
Con con música e vasos de licor.
De aquel amor xa no hai nada.
Unhas cantigas mornas o silencio do bar
Nomes ardendo enriba da patena
Onde caen as horas tal as pingas
Onde o poeta coa cinza e un pó feito de trampa
Modula os estados do ser e teima o tempo.
Un río procurando estar no cauce

Pensa que é unha corrente de auga que nunca ha secar.
Muda e desmuda os símbolos do estruturalismo
Sostén diante da borra
Só diante da mesma cinza que lle come as horas
Que ninguén pode escribir : Rosa
Como el fai no silencio do bar a carón dunha figa .
Ten o lume da tribu que deixou as montañas
Na procura dos vales e das voces novas.
Ten os nomes.
Sabe que hai nenos que respingan as carnes tocando unha peza
E hai nenas que habitan no límite da terra
Baixo a árbore da vida que dá os doces froitos .
Teñen soños de velas con corsarios choscos
E da solaina albiscan navíos amarrados ó peirao como cans .
Soñan mundos de area e cunchas esmagadas
Ata que un día senten que non senten
E pillan frío e arcía e descubren os cabos
A estrela brillante da mañá
Que lles ensina que non é pecado escoitar un bolero
Nin cantar rancheiras espida diante dun cristal.

De súpeto na sombra do verán abrimos a terra co legón
Os túneles os foxos onde dormen os vellos caudeis e os guerreiros
Nos cadaleitos de pedra nos altares.
Os cables as lanchas na lama os postes de teléfono
As garzas os nomes e a cinza que se ergue convertida en fala
Chaves de casas baldeiras cegadas fiestras
Salamántigas contra o sol con hélices e lume
Copas de ocase de píxel e de milmanda .
Axiña na sombra do verán atopei o cortizo que se salvou da queima
E estaloume no peito un mando de agullas e dentes de león.
Ti buscabas o teu anel perdido no alcacén novo
O camiño viña rolando con asubío de motos e de radios
Tenis gastados e pozas co xalea .
Eu procuraba nas entrañas de min mesmo unha abertura
Onde deixarme caer morto sen cadeas
Ferido polas trampas dos malditos .
Ti baixabas para afundirme
E sacar da tarde espléndida estragada nos limóns
O corazón limpo dunha égoa branca
A estría que matou baleas dun golpe de querube .
A sombra do verán viña deitarnos.

Agardo o devalo do mar para brincar a ínsua
Polo rego de pedra das flores con lagoas
Cruzando ata os petóns de auroras comestas de salmuira
Leóns durmintes con diademas de prata no pescozo
Ou brincos e torques de ouro repuxado.
A liñaxe mariña da dona prendida no labor
Fabricando a fieita cos seus dedos de buxo
A dama nobre fechada nunha torre de vento
Polo camiño real que leva cara a Atlántida .
Ela chegou co gambito e uns ollos feridos de soportar mentiras
Ele chegou e a mañá inundaba o esteiro
Coa marea subindo de circes e calipsos
Cirios prendidos nunha roca sinclinais na area.
Colleume a man tan fría e quentouna entre as súas
Falando coa vista respondinlle entregando
O corazón tan branco que Hamlet tivo un día.
No pouso desa hora sometidos
Ó vento de palabras de bálsamo
Os paxaros calaban pola febre
O mar no debatía as súas cuitas.
A súa eterna cuita contra as penas.
Ela deixou a ave pousouna nunha caixa de zapatos
Ó calor do lar e reviviu .
Nós el e toda a noite.
¿Pasou un día no medio e medio do seu sabre?
Éramos un no accidente da rede e máis da nasa
E nin a escura xaneira rendía a nosa sombra .

A rosa

Polo fío da rosa e o corte con prodixio
Sobre ese presente da beleza nos dedos
Da beleza cravada no ventre da lagoa
Espías os ollos que a bican coas súas vetas iris
Confusión ou pregaria .
Deus non xogou ós dados nin a fixo princesa
No seu xarro lacado con aves do paraíso
Que un barco inglés deixou na demanda dun faro
Unha trampa de zucre onde as abellas usan .

Resolta a forma da rosa faltaba a súa cor .
Os nomes que lle daban nesas linguas mortas
Silenciadas en libros e misais .
Foi a postal enriba da lacena
Das columnas dun templo famoso en Tebas
Nas covas da Sibila de Cumas
A linguaxe das formas de ferro Art Nouveau
Unha cúpula elíptica no medio dun batido de coches e ríos de gas
Un anaco de luz como asida nas palmas .
Esa rosa partida co aroma dun vento
Que moldea os pinos con dedos nidios de gasa transparentes
Fai respirable un aire malferido de alacrás e pólvora chinesa.
O carbón vexetal o salitre e o xofre non fixeron a Perla de Allah
Nin os ollos da nena que despacha os tickets de comida
Un bar de paso da Alaska Pipeline nas dársenas porteñas .
A presión e a forza dunha prensa cortando no ferro
Os conductos da auga para o ouro do Miño e máis do Xallas
Un rubí indio de estrela de seis liñas cortado a carbullón
Polos dedos dun mudo operario que traballa a destaxo
Convertiron esta flor nun asunto dos deuses
No seu trato cos homes
Porque as almas son eses anxos coa sede do cansancio
Que sempre saciamos rendidos polo sono
A carón dun quiosco colocado na boca
Dun paso subterráneo nunha folga xeral
De bolboretas ceibes polas celals co lúa
Laio de non ser aire e resistir a noite sen fuxir.
No sabemos o secreto nin a fonte
Onde lle medran as gaivotas señoras da brisa.
Na derrota sorprende cabalgando nos soños
Co seu corpo de verso que resolla.

cogite virgo rosas